

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Coñecer, definir, comprender e explicar os conceptos básicos sobre:	O ser humano como corpo-mente
	As orixes da psicoloxía
	As distintas ramas da psicoloxía
	A relación da psicoloxía con outros saberes e ciencias
	A distinción entre sensación, percepción e conceptualización
	Memoria, atención e interese
	A aprendizaxe: aportacións significativas e factores que inflúen nela.
	A intelixencia e os seus factores.
	A resolución de problemas.
	A intelixencia emocional
	A motivación
	A frustración
	Emocións, sentimentos, estados de ánimo
	A personalidade, o carácter, o temperamento
	Psicoloxía e neurobioloxía: sistema nervioso, sistema endocrino.
	As grandes teorías sobre a psicoloxía
	Terapias de primeira, segunda e terceira xeración
	A dimensión social do ser humano
Aplicar o aprendido:	Emprega e define axeitadamente os conceptos básicos da materia. Coñece as principais ramas da psicoloxía e as dimensións teórica e práctica da psicoloxía. Coñece os principais autores e as súas principais achegas á psicoloxía. Coñece e comprende os métodos e obxectivos da psicoloxía. Coñece e comprende as principais teorías sobre os distintos aspectos do psiquismo humano. Elabora e presenta os traballos das tres avaliacións, investigando e recoñecendo a información relevante. Fai pequenas composicións e comentarios dos textos propostos. Identifica as cuestións dos exames e contesta adecuadamente. Propón exemplos de autoría propia para explicar a materia. Exprésase con claridade, precisión e corrección ortográfica e gramatical.

Materiais e recursos metodolóxicos que se van a empregar

Libro de referencia: A. Triglia y otros: *Psicológicamente hablando*. Ed. Paidós, 2016

Materiais aportados pola profesora.

Textos dos autores básicos do programa.

TIC: Aula Virtual. Todo o alumnado de 2º Bacharelato ten acceso á AV. Na AV aparecerán os contidos da materia, as tarefas encargadas e os materiais necesarios para o alumnado. Os traballos, cuestionarios e outras tarefas escritas realizaranse e entregaranse á profesora mediante á AV. O alumnado tamén poderá empregala para facer consultas e comunicarse coa profesora se non puidera asistir ás clases presenciais. Sempre que sexa posible e para protexer á saúde do alumnado e da profesora, todo o traballo escrito do alumnado e todas as instrucións da profesora entregarase de xeito dixital mediante a AV.

Webex: Cando as clases non poidan ser presenciais, empregaranse a plataforma para impartilas.

Información sobre lecturas de interese para o alumnado, sempre voluntarias.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A avaliación do alumnado abranguerá:

A participación nos diálogos e debates que se manteñan na aula.

A aportación de materiais e as lecturas voluntarias.

As probas escritas. A lo menos haberá unha por avaliación trimestral. As probas escritas poderán adoptar a forma de traballos de investigación, aplicación e reflexión sobre os contidos da materia, de xeito que a elaboración dos traballos sexa instrumento de aprendizaxe para os alumnos e as alumnas tanto como de avaliación. O alumnado poderán ser interrogado sobre os contidos e a elaboración dos traballos para demostrar a súa autoría a satisfacción da profesora.. Valorarase a completude, a personalización dos contidos, a calidade da redacción, amosar competencia emprendedora e de aprender a aprender, a iniciativa e o espírito crítico.

En todos os traballos e probas escritas avaliarase de xeito especial a corrección no emprego da terminoloxía propia da materia .

A recuperación das avaliacións suspensas consistirá nunha proba escrita.

A avaliación ordinaria e a extraordinaria consistirán nunha proba escrita.

CUALIFICACIÓN:

1.- Cualificacións trimestrais:

Participación nos diálogos e debates e, en xeral, amosar interese pola materia
10 %
Aportación de materiais e lecturas voluntarias 10 %
Realización das tarefas de investigación e preparación das clases (deberes)
20%
Probas escritas 60%

2.- Cando unha avaliación suspensa non sexa recuperada terase en conta para a cualificación final da Avaliación Ordinaria a nota máis alta. Para a media aritmética teranse en conta as cualificacións redondeadas das avaliacións ou recuperacións e se o resultado fora inferior a 4,5 o alumno ou alumna terá dereito a unha proba final escrita.

3.- A cualificación da Avaliación extraordinaria farase sobre unha proba escrita.

4.- Recuperacións: O alumnado que suspenda unha avaliación fará unha proba escrita ou un pequeno traballo escrito para recuperala

5.- Redondeo: Decimais iguais ou superiores a 0,5 redondeados ao enteiro superior. Decimais inferiores a 0,5 redondeados ao enteiro inferior.

6.- Fraudes nas probas: A cualificación da totalidade da proba será 0. Cando o traballo ou proba sexa confeccionado fora da aula ou empregando medios ou canles dixitais para a súa entrega, a profesora poderá facer unha entrevista ao alumno ou alumna para comprobar a autoría do mesmo.